

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**2060** *ORDE APA/208/2005, do 2 de febreiro, relativa aos controis de identidade e fitosanitarios que se poden levar a cabo nun lugar distinto do punto de entrada na Comunidade Europea. («BOE» 34, do 9-2-2005.)*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo cal se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorpora á lexislación española a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva 2004/103/CE da Comisión, do 7 de outubro de 2004, relativa aos controis de identidade e fitosanitarios de vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na parte B do anexo V da Directiva 2000/29/CE do Consello, que se poden levar a cabo nun lugar distinto do punto de entrada na Comunidade ou nun lugar próximo e pola que se determinan as condicións relacionadas cos devanditos controis, establece unha serie de requisitos para o tránsito de mercadorías non comunitarias e a realización dos controis nos lugares de destino.

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2004/103/CE.

Esta orde dítase con base na habilitación establecida pola disposición derradeira segunda do Real decreto 58/2005.

Na elaboración desta disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

## Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde aplicarase aos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos orixinais de países terceiros enumerados na parte B do anexo V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, denominados no sucesivo os produtos considerados.

2. Os controis poderanse efectuar:

a) Nos casos e circunstancias previstos nesta orde, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer a posibilidade de efectuar noutro lugar os controis mencionados no segundo parágrafo, guións segundo e terceiro do número 1 do artigo 11 do Real decreto 58/2005.

b) No caso de tránsito de mercadorías non comunitarias a que se refire a alínea c) do número 2 do artigo 13 do Real decreto 58/2005, a inspección poderase realizar nos locais do organismo oficial de destino ou en calquera outro lugar próximo, sempre que se cumpran todas as condicións previstas no artigo 2.

c) Nos casos previstos na alínea d) do número 2 do artigo 13 do Real decreto 58/2005, a inspección poderase levar a cabo no lugar de destino, incluídos lugares de produción, sempre que se cumpran todas as condicións establecidas no artigo 2.

## Artigo 2. *Condicións e garantías dos controis.*

1. As condicións a que se refire o artigo 1 serán as seguintes:

a) Acordo entre os organismos oficiais responsables dos Estados membros do punto de entrada e destino, sobre que os controis de identidade e fitosanitarios, denominados no sucesivo os controis, se poden realizar con maior rigor nun lugar distinto do punto de entrada na Comunidade ou nun lugar próximo.

b) Que o importador ou outra persoa responsable dos lugares ou os locais onde se vaian realizar os controis, denominado no sucesivo o solicitante, dun envío dos produtos considerados dispoña dunha autorización, obtida a través do procedemento de autorización definido no número 2 do artigo 3 para realizar controis «nun lugar de inspección autorizado», a saber:

– No caso de tránsito de mercadorías non comunitarias previsto na alínea c) do número 2 do artigo 13 do Real decreto 58/2005, nos locais do organismo oficial de destino, ou nun lugar próximo a estes locais designado ou autorizado polas autoridades aduaneiras e polo organismo oficial responsable, ou

– Nos casos previstos na alínea d) do número 2 do artigo 13 do Real decreto 58/2005, nun lugar de destino autorizado polo organismo oficial e as autoridades aduaneiras responsables da zona en que está situado o lugar de destino, e

c) Que se acheguen garantías e documentación específicas en relación co transporte dun envío dos produtos considerados, denominado no sucesivo «o envío», ao lugar de inspección autorizado, e, de ser o caso, que se cumpran as condicións mínimas relativas ao almacenamento de tales produtos nos devanditos lugares de inspección.

2. As garantías e documentación específicas, e as condicións mínimas a que se refire a alínea c) do número 1 serán as seguintes:

a) A embalaxe do envío ou o medio utilizado para o seu transporte irán cerrados ou selados, de modo que os produtos en cuestión non poidan causar infestación nin infección durante o seu transporte ao lugar de inspección autorizado, e non modificarán a identidade destes; en casos debidamente xustificadas, os organismos oficiais correspondentes dos Estados membros poderán permitir envíos non cerrados ou selados, sempre que os produtos en cuestión non poidan causar infestación nin infección durante o seu transporte ao lugar de inspección autorizado;

b) O envío expedirase ao lugar de inspección autorizado; non se permitirá ningún cambio do lugar de inspección, salvo autorización previa por parte dos organismos oficiais correspondentes do punto de entrada e do destino solicitado, e das autoridades aduaneiras responsables da zona en que estea situado o lugar de inspección solicitado;

c) O envío irá acompañado dun «documento fitosanitario de transporte», sen prexuízo dos certificados previstos no número 1, alínea b) do artigo 10 do Real decreto 58/2005, que incluírá a información necesaria de conformidade co modelo establecido no anexo desta orde ministerial; o documento cubrirase á máquina ou á man en letras maiúsculas ben lexibles, ou por medios electrónicos, de acordo cos organismos oficiais correspondentes do punto de entrada e de destino e estará redactado como mínimo nunha das linguas oficiais da Comunidade;

d) O importador do envío cubrirá e asinará as epígrafes correspondentes do documento mencionado na alínea c) do número 2, baixo a supervisión do organismo oficial correspondente do punto de entrada;

e) Polo que respecta aos casos mencionados no segundo guión da alínea b) do número 1, o almacenamento do envío no lugar de inspección autorizado levarase a cabo de modo que se separe das mercadorías comunitarias e dos envíos suposta ou efectivamente infestados por organismos nocivos.

### Artigo 3. *Procedemento de autorización.*

1. Para avaliar e, de ser o caso, aprobar, desde o punto de vista fitosanitario, a adecuación dos lugares propostos como lugares de inspección autorizados para levar a cabo os controis, seguirase o procedemento que se establece nos seguintes puntos.

2. O interesado en que os controis se realicen en lugares autorizados de inspección deberá presentar unha solicitude ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, pedindo que estes se leven a cabo nos lugares mencionados na solicitude.

3. A solicitude incluíra un expediente técnico coa información necesaria para avaliar a idoneidade dos lugares propostos para ser lugares de inspección autorizados e, en particular:

a) Información relacionada cos produtos considerados destinados á importación e os lugares en que se vaian almacenar ou reter os produtos considerados á espera do resultado final dos controis e, en particular, co modo en que se vai garantir a separación a que se refire a alínea e) do número 2 do artigo 2, e

b) De ser o caso, cando os produtos considerados estean destinados a unha persoa á cal se lle concedese a categoría de destinatario autorizado e cumpran as condicións establecidas no artigo 406 do Regulamento (CEE) 2454/93 da Comisión, ou cando os lugares en cuestión estean suxeitos a unha autorización de conformidade co artigo 497 do devandito regulamento, os oportunos xustificantes.

4. Unha vez rexistrada a solicitude, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación examinará a información facilitada e avaliará a adecuación dos lugares propostos de inspección para levar a cabo os controis; estes lugares deberán cumprir, polo menos, os requisitos mínimos establecidos nas alíneas b) e c) do número 3 do anexo da orde do Ministerio da Presidencia de 10 de decembro de 1998, pola cal se establecen as condicións necesarias para a realización de controis fitosanitarios nos postos de inspección fronteirizos, aplicados a vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos procedentes de países terceiros, ou calquera outro requisito que os Estados membros poidan impoñer de maneira non discriminatoria e que estean xustificadas para realizar inspeccións eficaces.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación resolverá o procedente, ben aceptando a proposta da solicitude e, polo tanto, que os lugares se consideran lugares de inspección autorizados, ou ben denegándoa, indicando os motivos do seu rexeitamento.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación manterá e porá á disposición da Comisión e dos restantes Estados membros, logo de solicitude, unha lista actualizada dos lugares de inspección autorizados.

7. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adoptará as medidas necesarias en caso de que se comprobe a existencia de elementos que poidan incidir negativamente no correcto desenvolvemento dos controis nos lugares de inspección autorizados situados en territorio español e notificaralles á Comisión e aos Estados membros afectados todos os casos graves de incumprimento das condicións que se apliquen a un lugar de inspección autorizado.

### Artigo 4. *Notificación dos importadores.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación velará por que o importador, para os que se decidise que os envíos poden ser sometidos a control nun lugar de inspección autorizado, cumpra as seguintes exigencias, sen prexuízo das establecidas na Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 17 de maio de 1993, pola que se establecen as obrigas a que están suxeitos os produtores, comerciantes e importadores de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, así como as normas detalladas para a súa inscrición no Rexistro oficial.

a) O importador notificaralle a introdución dos produtos considerados coa suficiente antelación ao organismo oficial correspondente de destino; esta notificación incluíra en particular:

– o nome, o enderezo e o lugar de inspección autorizado,

– a data e a hora previstas para a chegada dos produtos considerados ao lugar de inspección autorizado,

– se se dispón del, o número de serie individual do documento fitosanitario de transporte a que se refire a alínea c) do número 2 do artigo 2,

– se se coñecen, a data e o lugar de cobertura do documento fitosanitario de transporte a que se refire a alínea c) do número 2 do artigo 2,

– o nome, o enderezo e o número de rexistro oficial do importador,

– o número de referencia do certificado fitosanitario e/ou o certificado fitosanitario para a reexportación, ou calquera outro documento fitosanitario requirido;

b) O importador notificaralle ao organismo oficial correspondente de destino calquera cambio que se produza en relación cos datos subministrados de conformidade coa alínea a).

### Artigo 5. *Controis dos lugares de inspección.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación velará por que os controis dos produtos considerados, realizados no lugar de inspección autorizado, cumpran polo menos as condicións mínimas establecidas no anexo da Orde do Ministerio da Presidencia do 10 de decembro de 1998, ou calquera outro requisito que se poida impor de maneira non discriminatoria e que estea xustificada para realizar inspeccións eficaces.

### Artigo 6. *Coordinación.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación garantizará a cooperación, cando proceda, entre:

a) O organismo oficial do punto de entrada e o organismo oficial de destino, e

b) O organismo oficial do punto de entrada e a aduana do punto de entrada, e

c) O organismo oficial de destino e a aduana de destino, e

d) O organismo oficial do punto de entrada e a aduana de destino,

mediante o intercambio da información pertinente sobre os vexetais, os produtos vexetais ou outros obxectos destinados á importación, a súa embalaxe e os medios utilizados para o seu transporte, por carta ou mediante correo electrónico, utilizando o documento fitosanitario de transporte a que se refire a alínea c) do número 2 do artigo 2.

2. Se o punto de entrada na Comunidade dos produtos considerados e o lugar de inspección autorizado se encontran en Estados membros distintos, poderase expedir o envío e efectuarse os controis nun lugar de inspección autorizado acordado entre os organismos oficiais

responsables dos Estados membros afectados. No documento fitosanitario de transporte indicárase o acordo alcanzado polos devanditos organismos.

3. Despois de que os produtos fosen inspeccionados no lugar de inspección autorizado, o organismo oficial de destino certificará, poñendo o selo do servizo e a data no documento fitosanitario de transporte, que se realizaron os controis de identidade e fitosanitarios mencionados nos parágrafos 4.º e 5.º da alínea b) do número 1 do artigo 11 do Real decreto 58/2005. O resultado final destes controis indicárase no recadro «Decisión». Esta disposición aplicarase, *mutatis mutandis*, cando se procedese así mesmo aos controis documentais a que se refire a alínea a) do número 1 do artigo 13 do Real decreto 58/2005.

4. Se o resultado dos controis mencionados no punto 3 é «Aprobado», o envío e o documento fitosanitario de transporte adxunto presentárase ás autoridades aduaneiras responsables da zona do lugar autorizado de inspección, permitindo aplicar ao envío o procedemento

aduaneiro pertinente mencionado no número 1 do artigo 10 do Real decreto 58/2005. Xa non será necesario que o documento fitosanitario de transporte acompañe o envío, pero o organismo oficial do punto de destino conservará o devandito documento ou unha copia deste durante un ano como mínimo.

5. Se o resultado dos controis mencionados no número 3 dá lugar á obriga de transportar os produtos considerados na Comunidade cara a un destino situado fóra dela, estes produtos permanecerán baixo supervisión aduaneira ata a súa reexportación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 2 de febreiro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

## ANEXO

1. Documento fitosanitario de transporte mencionado na alínea c) do punto 3 do artigo 1 da Directiva 2004/103/CE da Comisión.		2. <b>DOCUMENTO FITOSANITARIO DE TRANSPORTE</b> Nº CE/.../... <sup>(1)</sup>	
3. <u>Identificación do envío</u> <sup>(2)</sup> ---- <i>Este envío contén produtos sensibles desde o punto de vista fitosanitario</i> --- Vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos (código Taric): ..... Número/s de referencia dos documentos fitosanitarios exixidos: ..... País de expedición: ..... Marca(s) distintivas, números, número de vultos, cantidade (pesos/unidades): ..... Número/s de referencia da documentación aduaneira exixida: .....			
4. Número de rexistro oficial do importador: ..... O importador que asina abaixo solicita ao organismo oficial responsable que realice os controis oficiais de identidade e fitosanitarios dos <i>vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos</i> mencionados anteriormente no lugar de inspección autorizado indicado máis abaixo e comprométese a respectar as normas e os procedementos establecidos polo organismo oficial responsable. Data, nome e sinatura do importador: .....			
5.1. <u>Punto de entrada:</u>		5.2. Visto e prace do organismo oficial do punto de entrada (data, nome, selo do servizo e sinatura): ..... .....	
6. <u>Lugar/es de inspección autorizado(s)</u> <sup>(3)</sup> A- ..... B- (substitúe a A) .....			
Os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos transportáanse ao lugar ou lugares de inspección arriba mencionados de conformidade co acordo concluído entre <sup>(4)</sup> :			
<b>O envío non se pode transportar a lugares distintos dos indicados anteriormente a non ser que se autorizase oficialmente</b>			
7. Control documental <input type="checkbox"/>		8. Control de identidade <input type="checkbox"/>	
9. Control fitosanitario <input type="checkbox"/>			
Lugar/data: ..... Nome: ..... Selo do servizo/sinatura		Lugar/data: ..... Nome: ..... Selo do servizo/sinatura	
Lugar/data: ..... Nome: ..... Selo do servizo/sinatura		Lugar/data: ..... Nome: ..... Selo do servizo/sinatura	
10. <u>Decisión:</u> <input type="checkbox"/> Aprobado Lugar/data: ..... Nome: ..... Selo do servizo/sinatura Indíquese, de ser o caso, o número de pasaporte fitosanitario comunitario (serie, semana ou lote): .....			
<input type="checkbox"/> Medidas oficiais. <input type="checkbox"/> Entrada denegada <input type="checkbox"/> Destrución <input type="checkbox"/> Transporte fóra da comunidade <input type="checkbox"/> Período de corentena <input type="checkbox"/> Retirada dos produtos infectados/infestados <input type="checkbox"/> Tratamento adecuado Observacións: .....			

<sup>(1)</sup> Indíquese o código/número de país.<sup>(2)</sup> Cubra o cadro ou faga referencia á información sobre o Certificado fitosanitario que se debe achegar.<sup>(3)</sup> Faga referencia a <<C>> [letra c) do punto 2 do artigo 13 quater da Directiva 2000/29/CE] e <<D>> [letra d) do punto 2 do artigo 13 quater da Directiva 2000/29/CE].<sup>(4)</sup> De ser o caso, achéguese detalles sobre o acordo entre os servizos oficiais dos Estados membros, se se trata dun acordo nun caso concreto o un acordo a máis longo prazo.